Indicadores de avaliación	EXEMPLAR	CONSEGUIDO	EN PROCESO	INICIADO
Pertinencia e relevancia do produto final	O produto final é significativo e relevante e activa aprendizaxes recollidas nos estándares e competencias	O produto final activa as aprendizaxes recollidas nos estándares e competencias, pero non é significativo ou relevante	O produto final mobiliza algunhas das aprendizaxes recollidas nos estándares e competencias	A proposta non contempla a creación dun produto final ou non está relacionado cos aspectos curriculares indicados
Competencias clave	A proposta fomenta o desenvolvemento global do alumnado, mobilizando varias competencias	A proposta é competencial: introduce, estrutura coñecemento e permite que o alumnado tome decisións sinxelas	A proposta tenta ser competencial: introduce e estrutura coñecemento, pero non hai o alumnado non ten oportunidade de tomar decisións	Non se promove o traballo por competencias ou só se recollen de maneira teórica
Estándares de aprendizaxe	Os estándares de aprendizaxe trabállanse a través das actividades e están ligados aos criterios de avaliación vinculados a eles	Os estándares están ben traballados a través das actividades pero non se relacionan cos criterios de avaliación	Os estándares están ben seleccionados pero non se traballan	Os estándares non son axeitados
Achegamento metodolóxico	Propicia a aprendizaxe autónoma con estratexias motivadoras, creativas e contextualizadas á realidade do alumnado. É flexible e trasladable a situacións de ensino mixto	Propicia a aprendizaxe autónoma con estratexias motivadoras, creativas e contextualizadas á realidade do alumnado	O achegamento metodolóxico é de tipo transmisivo	O achegamento metodolóxico non é axeitado ou non se observa
Agrupamentos	As actividades inclúen oportunidades de interacción social e traballo conxunto con fins diferentes (reflexión, exposición, coavaliación, ...).	Favorécese a interacción e o traballo conxunto	Favorécese a interacción en momentos puntuais ou sempre coa mesma finalidade	Non se favorece a interacción nin o traballo conxunto
Atención á diversidade	Segue os parámetros do DUA, formulando actividades significativas para diversas capacidades, distintos niveis e estilos de aprendizaxe	Indícanse varias medidas específicas e concretas para as NEAE e diferentes ritmos de aprendizaxe	Propóñense algunhas actividades para diferentes capacidades e ritmos, niveis e estilos de aprendizaxe	Non contempla diferentes ritmos de aprendizaxe nin posibles NEAE
Métodos de avaliación	Emprégase un número de ferramentas/estratexias de avaliación formativa axeitadas para a duración da secuencia. Xustifícase o seu emprego. Indícanse canles para proporcionar feedback.	Empréganse 2 ferramentas e/ou estratexias de avaliación formativa se ben non son os máis axeitados ou non están debidamente xustitificados	Emprégase 1 ferramenta de avaliación formativa axeitado e ben xustificado	Só se emprega 1 ferramenta de avaliación formativa se ben non é o máis axeitado ou non está debidamente xustificado
Actividades	As actividades son pertinentes, teñen instrucións claras e seguen unha sucesión lóxica, cunha secuencia temporal detallada, coherente e factible	As actividades son axeitadas e teñen instrucións claras, pero a sucesión lóxica ou a secuencia temporal son mellorables	Algunhas das actividades son axeitadas con instrucións claras, pero a sucesión lóxica ou a secuencia temporal son mellorables	As actividades ou non son axeitadas ou carecen de sucesión e/ou coherencia lóxica